

Pranto matricial na voz do seu autor

Valentín Paz Andrade

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

PAZ ANDRADE, VALENTÍN (2012 [2012]). Pranto matricial *na voz do seu autor*. Santiago de Compostela: Consello Galego da Cultura. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poética*
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2293>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

PAZ ANDRADE, VALENTÍN (1990). Pranto matricial *na voz do seu autor*. Santiago de Compostela: Consello Galego da Cultura.

* Edición dispoñíbel desde o 30 de xullo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Pranto matricial

na voz do seu autor

Presentación: Ramón Villares

Estudo introdutorio: Afonso Vázquez-Monxardín

Edita: © CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2012
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro
15705 · Santiago de Compostela
T 981 957 202 · F 981 957 205
correo@consellodacultura.org
www.consellodacultura.org

Restauración e tratamento de son: Bea Pérez

Proxecto gráfico: Imago Mundi Deseño

Imaxe de cuberta: ilustración de Luís Seoane
para a portada da edición de 1955

Imprime: Alva Gráfica

Depósito Legal: C 918-2012
ISBN 978-84-92923-37-3

VALENTÍN PAZ-ANDRADE

Pranto matricial

na voz do seu autor



23 | AS NOSAS VOCES

Santiago de Compostela, 2012

Para Pilar Rodríguez Prada, que con tanto agarimo
gardou a memoria do seu home, Valentín Paz-Andrade.

Consello da Cultura Galega, maio 2012

Pranto polo amigo Daniel

Ramón Villares

*Chora, Terra, teu pranto matricial.
O que todo galego choraría,
se inda chorar pudiera,
até cubrir de bágoas o mare*

As relacións de amizade entre Valentín Paz-Andrade e Alfonso R. Castelao son ben coñecidas. Natural o primeiro de Pontevedra e asentado alí o segundo desde que gañara praza de funcionario con destino na «boa vila», o trato entre eles, malia a diferenza dunha ducia de anos que o rianxeiro lle levaba ao de Lérez, comezou ben cedo favorecido pola intermediación de Juan Bautista Andrade, tío de Valentín. O seu trato fíxose patente xa nas primeiras aventuras xornalísticas emprendidas por Paz-Andrade, nas que colaborou Castelao con entusiasmo, e moi logo ficaría aínda máis fortalecido co abrente político republicano e galeguista que tivo lugar desde os anos 1930/1931. Nas loitas electorais,

na elaboración do texto do Estatuto de autonomía e na organización do Partido Galeguista, a presenza conxunta de Castelao e Paz-Andrade foi unha constante durante polo menos os dous primeiros anos do réxime republicano.

Os abanos da política galeguista e a Guerra Civil arredaron unha miga esta parcería política e afectiva, pero non cavaron entre eles ningunha gabiá que non se puidese saltar. A distancia imposta polo exilio político de Castelao, acollido desde 1940 en Bos Aires polo galeguismo porteño, non impediu queoubesen un do outro e que desde 1945 se cruzaran algunhas cartas e promesas de se reencontraren fisicamente algún día, idea que moito lles gorentaba aos dous despois de se producir a primeira viaxe de Otero Pedrayo a Bos Aires. Un Castelao saudoso da Terra e dos amigos confesáballo en 1948 a Paz-Andrade que «estou esperando por ti como quen espera un segundo miragre», como milagre fóra a aperta que se deran el e Otero Pedrayo en setembro de 1947 nunha «rua calquera de Buenos Aires, non lonxe do porto», como poucos anos despois lembraría con emoción o señor de Trasalba nun treito do seu inmorrente testemuño de amizade que é o seu *Libro dos amigos*.

Esta obra de Otero remata xustamente co texto dedicado a Castelao, nunha confesión ben patente do que significaba

para a cultura e a política de Galicia aquela figura coa que Otero trabara a súa ferreña amizade en Toledo, diante dun lenzo d'El Greco. Cunha intención semellante pódese entender este poemario de Paz-Andrade, quen escribiu o *Pranto matricial* como a mellor homenaxe que naquela altura podía ser dedicada a Castelao por persoa que morase en Galicia. Un texto que se concibe como un pranto, unha elexía pola morte do amigo, unha expresión da dor da Terra-nai pola desaparición dun dos seus máis ilustres fillos e, finalmente, unha invitación para que teña lugar algún día o seu retorno á «matricial Galiza», que é o eixe do derradeiro poema do pranto, «canto ti volvas pol-o mare». Voltar polo mar, que tan ben lle acaía a persoa como o rianxeiro, que, alén de exiliado, fóra tamén emigrante e sabía dos «camiños líquidos» da «Galiza migral», aquela que emigra pero que arde por retornar ao seu berce telúrico ou, de acordo con Rafael Dieste, «ise fondo misterio presencial que chamamos Galicia», en palabras limiares á reedición pentalingüe desta obra (Edición do Castro, 1975).

Non era Castelao figura que resultase cómoda para o panorama cultural e político de Galicia baixo o réxime franquista e menos na altura da súa morte. A súa dimensión política de líder galeguista e republicano, combatente na Guerra Civil e

moi activo no exilio, tardou moitos anos en ser recoñecida na Terra, mentres se agrandaba a súa figura, convertida rapidamente nun mito, nos medios do exilio, nomeadamente en Bos Aires. En Galicia, Castelao ficou durante anos silenciado ou reducido á súa condición de «xenial artista». Por iso teñen especial valor estes textos de Otero Pedrayo e de Paz-Andrade, que, se ben foron publicados delambos polo selo editorial do Centro Galego de Bos Aires, foran concibidos como tributo de amizade e recoñecemento por dúas persoas que, sen renunciaren aos seus principios políticos, ficaran na Terra despois da Guerra Civil. O propio Paz-Andrade xa dera testemuño público desta fidelidade co seu artigo necrolóxico publicado no xornal *La Noche* (17 de xaneiro de 1950), no que, sen se poder arredar do trazo artístico como definidor da obra de Castelao, remata coa idea de ser o rianxeiro «nuestra mayor bandera», pola que debían ter dobrado a morto todos os sinos de Galicia.

Este *Pranto matricial* de Paz-Andrade constitúe, alén dunha peza poética auroral na obra publicada do autor, un tributo concibido desde o interior pero conectado co sentir das xentes que estaban daquela no exilio americano. Valentín Paz-Andrade comezara a viaxar ao continente americano desde 1950 por razóns profesionais, pero esta laboría deixou-

Ile vagar para tender pontes e reconstruír redes amicais que viñan dos tempos da preguerra civil. Na Arxentina ou no Uruguai, en Chile ou no Brasil, en México ou nos Estados Unidos, sempre atopa Paz-Andrade vellos amigos cos que cruza cartas ou marca encontros. Os nomes de X. Núñez Búa e de Luís Seoane, de E. Blanco-Amor e Lorenzo Varela, de F. Delgado Gurriarán e X. Bal y Gay, de R. Martínez López e de Rafael Dieste son algúns destes correspondentes cos que renova amizade de forma directa e persoal. Coñece daquela Paz-Andrade tamén a forza cultural do exilio e a necesidade de unir culturalmente as dúas Galiciaas que andan esgazadas mundo adiante. Foi esta inspiración a que motivou a escrita en 1955 na cidade de Bogotá dun poemario inédito ata este ano, *Canto do pobo disperso* (Consello da Cultura Galega, 2012), e, con análoga intención, este é tamén o estilo que prima no *Pranto matricial*, rematado de escribir en 1954 e concibido en honor dunha figura patria que representaba a mellor converxencia que houbese nunca da Galicia «ideal» e da «territorial» ou europea.

Que Castelao era merecente dun recoñecemento como un pai fundador e como «condensación arquetípica del alma gallega» –en palabras de Paz-Andrade en *La Noche*– era algo polo que avogaban as xentes do exilio, pero tamén algunhas

do interior. O propio Otero Pedrayo ocupouse de mandar a Bos Aires, por medio de Perfecto López, unha presa de terra galega coa que acaroar o corpo sen vida do guieiro. Pola súa banda, Paz-Andrade, na súa viaxe de 1950, tamén levou «unha coroa de loureiro» procedente do cemiterio da Adina —onde repousaran un tempo as cinzas de Rosalía— para depositar no sarteiro de Castela. A executoria artística e política do rianxeiro, o seu liderado no exilio coa fundación do Consello de Galiza e a participación como ministro no goberno republicano de José Giral, alén da publicación de obras emblemáticas como *Sempre en Galiza* (1944) e *As cruces de pedra na Galiza* (1950), fixeron de Castela un auténtico mito político, que comezou en vida e que se agrandou despois da súa morte. Os derradeiros días da súa existencia e os funerais que a colectividade emigrante lle organizou en xaneiro de 1950 anunciaban este camiño que, certamente, non deixou de se facer cada día máis ancho ata os tempos presentes. O propio Paz-Andrade era consciente desta deriva ao se decidir, aínda considerándose modestamente como un «extra-poeta», a compor o *Pranto matricial*, pois «algo craro se dibuxa en torno a Daniel; é que coma mito medra día e noite, alem e aquem do mar» (carta a Luís Seoane, 10/8/1954).

A construción do mito foi obra de moitos anos. Pero a contribución de Paz-Andrade foi, sen dúbida, a máis intencional e a que produciu os textos máis relevantes entre os debidos a persoas que trataron en vida a Alfonso R. Castelao, que moitas veces se perderon en evocacións puramente retóricas. Abondaría coa publicación deste *Pranto matricial*, adornado na súa primeira edición porteña con deseños de Seoane, Souto ou Colmeiro, así como dunha versión castelá feita pola arxentina María de Villarino, que anos andados melloraría Isaac Díaz Pardo coa edición pentalingüe daquel, con versións portuguesa (Guilherme de Almeida), vasca (Gabriel Aresti) e catalá (Francesc Vallverdú), para que Paz-Andrade figurase como un dos grandes cultivadores da «sombra» de Castelao, isto é, da súa feliz posteridade. O aprecio que tanto o autor do *Pranto* como os membros da colectividade porteña lle tiñan a este poemario era tan grande que na viaxe de Paz-Andrade a Bos Aires en 1957, decisiva por máis dunha razón, este fixo un recitado dos seus versos, que foron oportunamente gravados e que, felizmente, agora podemos gozar de novo nesta edición de texto e palabra.

Pero a contribución de Valentín Paz-Andrade a engrandecer a memoria do seu amigo Castelao manifestouse aínda

unha obra esencial, que foi a biografía *Castelao na luz e na sombra* (Edicións do Castro, 1982). Dado o coñecemento directo que o autor tiña da executoria vital de Castelao e os préstamos e axudas que moitos amigos, na Terra e no exilio, lle ofreceron, este libro permanece a día de hoxe como a mellor e máis documentada biografía de que se dispón sobre o rianxeiro. Ten, ademais, algo imposible para un biógrafo externo ou afastado: ser unha biografía dialogada entre dúas figuras que viviron aventuras e loitas partilladas e que tiveron por espazo de vinte anos un lugar vital común, que foi a cidade de Pontevedra. Paz-Andrade era autor que gustaba moito do que hoxe chamamos historia cultural e mesmo historia conceptual: as imaxes, os símbolos, os valores que constrúen unha identidade ou, para dicilo con palabras de seu, ferramentas que «lavran a súa imaxe», expresión aplicada neste caso á idea de Galicia. Tamén nesta biografía de Castelao hai luz e tamén «sombra», isto é, a construción do mito fundacional que foi Alfonso Daniel Castelao.

Un dos primeiros chanzos poéticos na forxa desta «sombra» de Castelao está, desde logo, no *Pranto matricial* de 1955 como un choro que o poeta fai en nome da Terra nai que perdeu o seu fillo predilecto. Un fillo que morreu no desterro pero que ha de retornar aos lares patrios, desde a «Gali-

za migral» a esa «Galiza que aínda agarda, Daniel, o teu retorno», como se di no poema «Teu destino». Esta evocación do retorno fica máis patente no derradeiro poema do libro, no que imaxina o entusiasta recibimento que na «matricial Galiza», en cada monte e cada árbore, en cada faro mariño e na xanela de cada casa, se lle ha de facer ao fillo pródigo, ao autor da *Alba de gloria*, que ben merecería formar parte daquela Santa Compañía de «inmortaes galegos». O poemario céntrase con este anuncio da chegada de Daniel polo mar, nun vago ecoar de sebastianismo pessoano:

*Cando ti volvas pol-o mare;
e as pérolas das bágoas derramadas,
cando ti chegues pol-o mare,
cando ti chegues pol-o mare...*

Este verso recolle un desexo que estaba xa na mente dos amigos de Castelaio que acompañaron os seus días derradeiros. O seu corpo fóra soterrado no panteón galego do cemiterio da Chacarita bonaerense, pero o seu destino final tería que ser a terra galega, cando as condicións políticas de democracia e de liberdade fixesen viable tal retorno. Trinta anos máis tarde, cando Paz-Andrade remataba a súa biografía de

Castelao, non deixou de aludir ao retorno aínda adiado, coa esperanza de trocar a «sombra austral» que cubría os despozos de Castelao por unha «segunda sombra [que] poderá un día se trocar en luz cara o ideal». Aquel día chegou máis axiña do que pensaba o autor do *Pranto*, malia que el non concordase nin co contexto nin coa oportunidade do traslado dos restos de Castelao, no verán boreal de 1984.

A primeira sombra que cubriu o corpo de Castelao foi extensa co unánime respecto dos presentes, como lle correspondía a persoa que como «ninguén na nosa Terra acadou semellante unanimidade de amor», segundo dixo Eduardo Blanco-Amor en atinadas palabras necrolóxicas naquel verán austral de 1950. A tensión presente no acto que deu lugar á segunda sombra, a que levou as cinzas de Castelao ao panteón de Bonaval, foi o contrapunto da primeira e non lle aquelou nada ben nin aos presentes nin tampouco á memoria de Castelao. O seu retorno estivo trezado de debates partidarios e de tensións na rúa –co agravante simbólico que ten a disputa polas cinzas dun morto–, que mal se compadeecía co espírito de Castelao e cos desvelos con que os galeguistas de Bos Aires coidaron a sombra do guieiro no seu panteón da Charcarita. Pero a análise do retorno das cinzas de Castelao, que finalmente non veu «pol-o mare» como anunciaba o verso

de Paz-Andrade, excede a dimensión e sentido destas liñas e terá que ficar para outra ocasión.

* * *

Esta nova edición do *Pranto matricial* é o resultado feliz de accións previas que, sen estaren necesariamente coordinadas de inicio, acabaron por atopar un sentido no seu conxunto. Naturalmente, a escolla de Paz-Andrade como figura central do Día das Letras Galegas deste ano concentrou miradas sobre o seu rico legado documental, onde tamén se gardaba a gravación sonora que agora se publica. O texto do poemario tiña xa varias edicións previas, pero non así o seu recitado por parte do autor, o que engade unha segunda circunstancia feliz para esta edición do *Pranto matricial* que, deste modo, se ve claramente arriquecida. Debo agradecerlle a Pilar Rodríguez Prada, viúva de V. Paz-Andrade, a súa autorización para reproducir este material impreso e de audio. A gravación foi feita nos estudos San Martín por Manuel Núñez Búa, vello coñecido da familia.

Tamén quero aproveitar a ocasión para recoñecer unha vez máis o labor que desenvolveron as institucións da «Galicia ideal» a prol da cultura galega contemporánea. Que os diri-

xentes da colectividade galega no Plata tivesen o coidado de ir gardando estes materiais –como se pode comprobar coas abondosas edicións que xa leva feitas destes o Arquivo Sonoro do Consello da Cultura Galega– indica que a capacidade do exilio para «preservar os valores culturais do pobo galego» (que é obxectivo fundacional do Consello) foi decidida e mesmo máis eficaz do que fixeron moitas institucións que había na Galicia europea. Beizón para todos eles, case todos xa finados, que espero que teñan por congruente coas súas esperanzas o labor que estamos a desenvolver de difundir os materiais que con tanto agarimo todos eles conservaron para seren devoltos á Terra.

Recoñecer esta contribución do exilio é máis que gastar boas palabras. É un acto de xustiza do que ten que ser consciente a cultura galega actual. E unha das persoas que desde finais dos anos oitenta do século pasado participou neste labor de rescate e posta en valor destes documentos gardados polas institucións galegas no exterior foi Afonso Vázquez-Monxardín, quen, xustamente, preparou para esta edición un extenso traballo de contextualización da presenza de Valentín Paz-Andrade en Bos Aires. Recoñecemento tamén para el e para o seu traballo a prol da memoria sonora de Galicia.

**PAZ-ANDRADE, OS
GALEGUISTAS, BOS AIRES
E *PRANTO MATRICIAL***

Afonso Vázquez-Monxardín

A celebración do Día das Letras Galegas é, se cadra, o maior logro da cultura na Galicia contemporánea. Desde o ano iniciático 1963, no que, baixo o impulso fundamental de Francisco Fernández del Riego, a Real Academia Galega homenaxeou a Rosalía de Castro, as figuras centrais dos actos foron conformando unha especie de santoral cívico de referencia na formación da identidade galega actual, e as celebracións que xiran ao seu redor, un motivo para achegarnos á realidade cultural, e non só, da Galicia do momento histórico en que viviron.

E se o Día das Letras Galegas naceu cun pulo primeiro centrado na lingua e literatura, axiña se foi completando, e non por acaso, con homenaxes a autores cuxa actividade foi fundamental para que outras facetas da nosa realidade botasen raíces circias, mesmo se o seu labor como puros creadores literarios non foi o único ou o máis sobranceiro nas súas vidas. Esta apertura, que comeza o propio ano 1964, en que o homenaxeado foi Afonso Daniel Rodríguez Castelao, volve

ter este ano 2012 unha clara representación no seu amigo, biógrafo e home de moitos e fondos compromisos, Valentín Paz-Andrade.

Valentín é unha figura senlleira cunha traxectoria particular moi frutífera e diversificada, pero que responde sempre a un único compromiso vital de raíz ética: o progreso da Terra. A súa actividade de implicación política activa rastréxase, por exemplo, desde o pulo organizador no universitario Grupo Autonomista Galego de Estudiantes (1919), asociado ás Irmandades da Fala, ata cincuenta e oito anos despois, ao ser elixido como orador de consenso na manifestación proautonomía realizada en Vigo, o 4 de decembro de 1977. Ou podémolo levar, incluso, ata o 26 de xuño de 1986, menos dun ano antes da súa morte e xa cunha evidente deterioración física, cando, durante a recepción do Premio Otero Pedrayo, fai unha dura reflexión da marcha do proceso autonómico, ao fío do pronunciamento do Tribunal Constitucional sobre a Lei de normalización lingüística.

Entrambas datas extremas, como fitos políticos principais, temos a fundación do Grupo Autonomista Galego de Vigo (1930), os banquetes da Barxa e Barrantes (1930), a fundación do Partido Galeguista (1931) –foi el o impulsor da escolla deste nome no canto doutros máis ambiguos ou polisé-

micos–, as súas vibrantes intervencións nos mitins galeguistas da República ou, logo do ocaso da «macroditadura» –expresión que el usaba para distinguir a de Franco da de Primo de Rivera–, a participación na fundación da Xunta Democrática e na Comisión Negociadora da Oposición co Goberno (1976), rematando coa a súa escolla como senador na Candidatura Democrática Galega (1977), apoiada por partidos de esquerda e autonomistas.

Valentín Paz-Andrade coñeceu o éxito profesional moi novo, pois con só 24 anos, á volta da Guerra de África, accedeu á dirección do xornal *Galicia* (1922-1926), nunha iniciativa chamada a remudar a historia do xornalismo galego e logo de ter enviado xa crónicas da guerra para o xornal *El Noroeste*. Precisamente, a súa actividade á fronte do proxecto, primeiro, e da dirección, despois, do *Galicia* permitiulle gozar dunha mesta rede de contactos no mundo social e político, así como incrementar a relación que matíña con Castela e con outros homes de prol do galeguismo desde os anos da universidade e das primeiras asembleas nacionalistas.

Unha vez que o *Galicia* deixa de saír, centrará a súa actividade profesional no exercicio da avogacía libre e, no que sería decisivo para o resto dos seus días, na relación cos armadores de pesca desde 1927. Se ben inicialmente a súa será unha

asesoría ligada fundamentalmente ás cuestións de fiscalidade fronte ao Estado, axiña se verá incrementada a cuestións técnicas, estratéxicas e de planificación de política económica. Esta posición, xusto na cerna dun dos sectores máis dinámicos e emprendedores da economía galega, halle permitir ter unhas posibilidades de desenvolvemento da súa carreira profesional enormes e converter a súa voz nunha opinión altamente valorada como técnico especialista nas cuestións de dereito marítimo e, ao mesmo tempo, ser elemento clave na expansión da pesca industrial galega por todo o mundo, desde a súa participación na creación de Pescanova en 1960. Ligado a este traballo, participará desde os primeiros números como articulista e logo como director nunha das revistas monográficas de pesca máis antigas do mundo, *Industrias Pesqueras*, verdadeiro faro intelectual da modernización do sector en España.

A vinculación coa patronal pesqueira tróuxolle tamén unha consecuencia dolorosa que, paradoxalmente, pensamos, lle acabou salvando a vida no tempo da Guerra Civil. Referímonos ao atentado anarquista que sufriu en 1932 na rúa do Príncipe e froito do cal conservou ata a fin do seus días unha bala aloxada no corpo.

Tamén, grazas a esa vinculación coa pesca, levará adiante unha actividade viaxeira intensísima, comezada nunha data

tan temperá como 1929, en que visita Breñaña para facer un informe sobre a modernización do porto de Lorient como exemplo do que se podería facer en Vigo.

Data clave será o outono de 1950, cando o pontevedrés exiliado Bibiano Fernández Osorio-Tafall, ex-presidente en 1932 da Asemblea de Municipios de Galicia que impulsa o Estatuto, ex-deputado nas Cortes de 1936 por Izquierda Republicana e daquela alto funcionario da ONU, o convida para traballar baixo o lema *Fiat panis* –Fágase o pan– da axencia FAO (Food and Agriculture Organisation), coa que a organización internacional procura a expansión de recursos alimenticios no planeta para dar resposta á medra da poboación mundial derivada das melloras sanitarias globalizadas. Valentín impartirá un curso nos primeiros meses de 1952 en Chile e participará logo en variados encontros e informes sobre a xestión pesqueira e a súa organización técnica e xurídica ao longo do mundo.

Unha boa parte destas viaxes realizadas entre os anos cincuenta e setenta do século XX serviránlle para retomar contacto directo con amigos exiliados e para ben coñecer a vida dos emigrantes en varias cidades de Brasil, Arxentina, Uruguai, Estados Unidos, México, Cuba, Colombia, Perú e Venezuela. Tamén, grazas á súa posición xerárquica como

técnico internacional en relación coa ONU, entrará en contacto coas elites políticas locais deses países, pero tamén coas intelectuais, especialmente coas de Brasil, que sempre sentiu moi próximo.

Outras viaxes profesionais, por pesca, xornalismo e incluso por política –como membro da Xunta Democrática ou senador– levarano a visitar Portugal, Francia, Italia, Bélxica, Alemaña, Dinamarca, Suecia, Islandia, Irlanda, Noruega, Canadá, Guinea Ecuatorial e, mesmo, o leste e sur do continente africano –Kenya, Mozambique, Sudáfrica–, e converterse, así, nun dos impulsores da pesca galega naquelas augas desde 1961.

Sen dúbida, esta visión do mundo, a máis cosmopolita e informada da historia do galeguismo, por formación, idiomas, viaxes e pola participación activa en lugares de grandes decisións socioeconómicas nacionais e internacionais, combinada co feito de ter unha vía propia de relación directa, epistolar e persoal, cos amigos exiliados e emigrantes, fará que forme unha opinión sólida, propia e independente sobre a realidade política e cultural da Galicia de ambas as beiras do Atlántico.

É ben sabido que moitas veces as súas análises, valoracións, iniciativas ou proxectos estratéxicos non coincidirán cos dominantes e difundidos desde o grupo Galaxia por Ramón

Piñeiro, García-Sabell ou Francisco del Riego nin, por suposto, co nacionalismo radical da época da transición. Poderían ser exemplos destas distintas posicións a súa presenza como senador electo pola Candidatura Democrática Galega, en 1977, ao tempo que Domingo García-Sabell era senador por designación real, a súa idea de que era precisa e conveniente a resurrección do Partido Galeguista nas circunstancias da moderna restauración democrática –pídelle explicitamente a Piñeiro que considere a posibilidade– ou o seu apoio, case en solitario, á idea compartida por Adolfo Suárez de que Bibiano Fernández Osorio-Tafall desempeñase un papel activo na transición cara á autonomía, baseado tanto no seu prestixio persoal como alto funcionario internacional como por ter presidido a Asemblea de Municipios de 1932 que redactou o vello Estatuto.

En moita da correspondencia recollida na obra de Charo Portela e Isaac Díaz Pardo, *Valetín Paz Andrade: Epistolario* (1997), vese esa distancia, grande por veces e da que el era perfectamente consciente, como expresa en liberdade aos amigos. Por exemplo quíxase a Isaac Díaz Pardo de que non se puxeran en contacto con el en Bos Aires na viaxe de 1957 o 5 de agosto: «os da capela pechada [...] e un confesou que responden a instrucións recibidas dos correspondentes na

Terra». Ou, noutra carta a Blanco-Amor, de abril do 58, o que sería máis doloroso, que non o informasen nin do proxecto nin da saída á rúa da *Revista de Economía de Galicia* pero «non me causou miga de estrañeza o proceder, propio da xente que traballa en coto. A miserias semellantes xa vimos acostumados», aínda que con xenerosidade remate: «Cecais máis que froito dos homes son do ambiente en que se deixan abalar». Se cadra, a máis dura, é outra a Blanco-Amor de 1959, na que fala do libro homenaxe a Otero que lle preparan en Galaxia, despois do de Caracas, e para o que non é requirida a súa participación: «Y también se volverán a registrar las consabidas pretericiones y excomuniones, puesto que todo en torno a esta figura, llamada a más altos destinos, se viene sistemáticamente empequeñeciendo y banalizando, por el sedimento de aldea corrosivamente inculado en la estructura mental de ciertos cultos».

A pesar de todo, a súa actitude persoal, como a doutros galeguistas afastados do pequeno *think tank* Galaxia por distintas causas e en distintas posicións ideolóxicas –Isaac Díaz Pardo, o outro gran valedor do mundo da emigración e exilio en Galicia, Carlos Maside, Eduardo Blanco-Amor, Emilio Álvarez Blázquez, Laxeiro, Luís Seoane, Filgueira Valverde, etc.–, fálanos, sobre todo, de riqueza e pluralidade de sensi-

bilidades e de distintos focos de interese, ritmos e actitudes, como tamén acontecía, por outra parte, na outra banda do mar.

Aínda así, isto non é óbice para que conservasen entre eles unha correcta relación persoal –a axuda laboral de Paz-Andrade a Fernández del Riego, ou o trato de Filgueira con Virxinia Pereira de Castelao poden ser exemplos– pois todos eran conscientes de estaren, globalmente e sen entrar en detalles, da mesma parte.

ARXENTINA: A GALICIA IDEAL

Valentín Paz-Andrade visitará Arxentina en cinco ocasións. Xa en 1947, despois de contactar con Otero Pedrayo á volta daquelas terras, comunícalle a Castelao o seu desexo de emprender unha visita de tres ou catro meses en canto lle sexa posible. Devece por visitar Arxentina, a Galicia ideal, porque ten alí moitos vellos amigos cos que quere reencontrarse. Se non chega a tempo de ver a Castelao, si verá a Xosé Núñez Búa, Eduardo Blanco-Amor, Luís Seoane ou outros moitos. Pero tamén establecerá relación co país por temas profesionais da pesca, sexa por causa do interese das autoridades arxenti-

nas no seu desenvolvemento –o que as levaría repetidamente a requirir a súa opinión e consello; Perón solicitou e mantivo unha entrevista con el o 15 de agosto de 1950– ou polo propio interese de Valentín nas oportunidades de pesca industrial que se abrían naquelas augas para os barcos galegos.

As estadias podémolas rastrexar na prensa galega de Bos Aires, dunha forma especial no *Galicia* do Centro Galego, no *Lugo* do Centro Lucense e no *Opinión Gallega* do Centro Ourenseño, que van dando cumprida mostra dos actos; o que, en varias ocasións, nos axuda a completar ou mesmo rectificar a magnífica memoria de Valentín expresada no libro de entrevistas do xornalista Tucho Calvo, *Valentín Paz Andrade, a memoria do século* (1998, reed. 2011).

A VIAXE DE 1950

A primeira das viaxes de Paz-Andrade a Bos Aires producírase en xullo de 1950, seis meses despois da morte de Castelao e de que publicase o que sería o primeiro artigo necrolóxico de fondo calado sobre o rianxeiro no xornal *La Noche* así como outro artigo sobre a proxección de Castelao na cultura galega na revista *Galicia* do Centro Galego da cidade portefeña. Non

sería estraño que detrás do ofrecemento desta viaxe estivese o eficaz pulo organizativo de Núñez Búa, profesor e avogado, moi amigo de Valentín desde os recuados tempos da universidade e do galeguismo da preguerra, quen tiña motivos sobros para estarlle agradecido e desexar velo de novo. O caso é que, grazas a unha hábil e comprometidísima xestión como avogado nos primeiros días da guerra, conseguira a súa liberación a pesar de ser encarcerado por ser vicepresidente da Deputación e ter feito un chamamento radiofónico en favor da resistencia aos sublevados. Núñez Búa, ao pouco de verse fóra da cadea, foxe a Portugal e de aí a Bos Aires.

Moi próximo a Castelao e a Valentín, sería lóxico que pensase nel cando se decida darlle continuidade ás Xornadas Patrióticas Galegas promovidas polo Centro Galego desde 1947, cando convidan a Otero Pedrayo, e que axiña habían contar coa colaboración doutras institucións galaico-arxentinas (Federación de Sociedades Gallegas, centros provinciais e outros locais) a través dunha Comisión Intersocietaria de Sociedades Galegas.

Xosé Núñez Búa, desde La Plata –onde formará o primeiro Instituto Argentino de Cultura Gallega na sede da Universidade– está en contacto permanente cos amigos galegos da capital. Alí, nese Centro Galego que centralizara as activida-

des do enterro de Castelao, estaba presente dalgunha maneira Eduardo Blanco-Amor. Fora el organizador das exequias e orador unitario da colectividade na ocasión, e mesmo aparece como integrante da Comisión de Cultura dese ano, aínda que non exerza en exceso por causa das súas demoradas estancias en Chile desde 1948. Blanco-Amor e Paz-Andrade eran tamén xa amigos desde a primeira volta do ourensán a España en 1928 e es amizade foi renovada na estadía do 33 ao 35. Se na primeira Paz-Andrade participara activamente como organizador no banquete homenaxe que se lle tributa en Vigo antes da súa volta á Arxentina, ao remate da segunda viaxe, en 1935, levarao no seu coche particular –unha rareza para a época ao alcance de moi poucos– desde Madrid a Vigo, coa mesma intención de coller o barco para Bos Aires. Esta amizade afianzarase nunha cea íntima de despedida co matrimonio Valentín-Pilar en 1950 e farán do de Lárez o verdadeiro valedor económico e intermediario literario de Blanco-Amor nas súas voltas a España ata a súa radicación definitiva.

En calquera caso, por unha confluencia de vontades favorables, Valentín Paz-Andrade acompañado da súa dona –Pilar– chegan convidados polo Centro Galego de Bos Aires o día 23 de xullo de 1950 ao aeroporto de Ezeiza. Traen como presente dos galeguistas do interior, personalizados na

Casa de Rosalía, unha coroa de loureiro do cemiterio de Adina para a tumba de Castelao. Son recibidos no aeroporto polo presidente da institución, o ourensán José Villamarín Rodríguez, o seu vello amigo Pepe Núñez Búa, Rodolfo Prada e outros membros da Comisión de Cultura do Centro Galego. Entrementres agardan pola equipaxe, achégaselle o secretario da embaixada española para comunicarlle o convite para xantar ao día seguinte do embaixador Emilio de Navasqües. Acepta, educadamente, e faise coa suficiente reserva para non ferir susceptibilidades dos antifranquistas.

A actividade nesta viaxe repite o esquema da estancia de Otero Pedrayo na dobre dirección que desexan os convidantes: actividades no interior da colectividade galega como forma de promover a cohesión social a través de charlas, celebracións festivas, banquetes, etc. e conferencias pensadas para a intelectualidade arxentina en lugares de referencia xerárquica con intención de proxectar a valía da achega galega, económica, social e cultural, ao desenvolvemento da república que os acolle.

Valentín abre as xornadas no acto inaugural o 24 de xullo que tivo lugar no teatro Avenida e centra o seu discurso, como non podía ser doutro xeito, na memoria de Castelao. Pero o acto resultaría ben curioso e significativo das estrañas

fusións que se ían producir na sensibilidade dos emigrados. Na primeira parte a compañía da raíña da copla, Conchita Piquer, presentou diversos números do seu repertorio, logo interveu Valentín Paz-Andrade cun discurso patriótico de lembranza a Castelao e, seguido, novamente Conchita Piquer con cancións populares españolas e logo pecha o acto o Coro Rosalía de Castro e o conxunto de gaitas do mestre Dopazo. A ausencia da bandeira española no escenario, onde si estaban a arxentina e a galega, motivará unha denuncia a Paz-Andrade, á que terá que facer fronte, sen maiores consecuencias, á volta a Galicia. Ao día seguinte, o propio 25 de xullo, participa nun acto no Panteón Social do Centro Galego na Chacarita, no que le unha mensaxe do Padroado Rosalía de Castro de Santiago de Compostela que, dalgún xeito, supón a primeira comunicación colectiva do galeguismo do interior ao irmáns americanos.

Impartiu logo un curso na Facultade de Ciencias Económicas da Universidade de Bos Aires, os días 3, 4, 10 e 11 de agosto, no que baixo o título xeral de «Galicia, unidad económica» analizou en catro conferencias os sectores agropecuario, pesqueiro, forestal e mineiro; e outra máis na Facultade de Dereito, o 8 de agosto, sobre o sentido xurídico popular en Galicia. Dirixida á colectividade, ditou a confe-

rencia «Galicia, Compostela e Alfredo Brañas» no propio teatro Avenida o día 13 de agosto, e participou, como é habitual, en varios banquetes. Precisamente, despois dun destes no campo do Centro Pontevedrés en Olivos, o 30 de xullo, quixo visitar as veciñas instalacións do Centro Lucense –hoxe Centro Galicia. Alí, gratamente sorprendido da eficacia de xestión que permitía unhas instalacións como as que se estaban erguendo, nun encontro informal cos directivos apalabrou unha conferencia –«Lugo e a economía galega»–, que pronunciaría o día 25 de agosto na sede central da avenida Belgrano. Ambas as actividades e a relación que despois sempre mantiveron deberon influír, como pensaba Paz-Andrade, no achegamento deste centro ás iniciativas galeguistas ata aquel momento centradas máis no Centro Ourenasán e que se concretarían no funcionamento nas súas instalacións das Cátedras de Cultura Galega e na actividade constante de Blanco-Amor, Suárez Picallo e outros moitos.

Ao ano seguinte, en 1951, realizárase en Bos Aires unha exposición antolóxica de arte galega, da que Valentín Paz-Andrade, moi sensible ás cuestións plásticas, será o ideólogo e recolector de obras en Galicia. Debido a esta exposición, Laxeiro encontrará un motivo para desprazarse e quedar uns anos na cidade porteña.

AS VIAXES DE 1952

A segunda e fugaz visita de Paz-Andrade a Bos Aires prodúcese en dous momentos de 1952, como escalas da sinalada viaxe a Chile, onde ditará entre o 16 de xaneiro e o 14 de marzo unhas vinte charlas sobre economía da pesca que estivera preparando intensamente desde finais de 1950 e que se integrarán no I Curso Latinoamericano de Capacitación Pesquera que impulsa o seu vello amigo Osorio-Tafall, integrado na FAO.

A parada na viaxe de ida é dunha soa noite pero a de volta demorarase uns días para ver os amigos e por causa da insistencia da Administración arxentina —a través do ministro de Economía, Roberto Ares, de orixe galega e quen sería o último ministro do Interior anterior ao golpe militar de 1976— de que Paz-Andrade dirixise unha comisión para redactar un plan de traballo que dinamizase a pesca na Arxentina. Despois dun par de reunións desa comisión, remata a curta estada o día 1 de abril co banquete que a Comisión de Cultura do Centro Galego lle ofrece ao matrimonio antes de emprender a viaxe de volta.

A VIAXE DE 1957

A terceira vez que visita Arxentina, en 1957, será nunhas circunstancias moi especiais e distintas. Para empezar, cumpríase un ano xusto da realización do I Congreso da Emigración Galega, que reunira baixo a hexemonía do galeguismo máis ortodoxo, o vinculado á Irmandade Galega, representantes de 45 asociacións chegados de Arxentina, Uruguai, Brasil, Estados Unidos, México, Chile, Cuba e Venezuela. Ningún dos amigos máis próximos de Valentín (Blanco-Amor, Núñez Búa, Seoane...) participa na organización nin no desenvolvemento do Congreso. Tampouco el aparecerá asinando o texto colectivo titulado «O significado da cultura», enviado desde Galicia e referendado por Ramón Otero Pedrayo, J. Rof Carballo, R. Carballo Calero, D. García-Sabell, Celestino Fernández de la Vega, Francisco Fernández del Riego, Xaime Isla Couto e Ramón Piñeiro.

No mes de maio, Eduardo Blanco-Amor ocupa a dirección da revista *Galicia* do Centro Galego, que anteriormente estaba nas mans de Luís Seoane, e cúmprianse xa dous anos que saíra do prelo nas Edicións Galicia do propio centro a súa primeira obra poética, o canto fúnebre elexíaco sobre Caste-lao *Pranto matricial*.

A intención da directiva de José Villamarín Prieto –sobriño do presidente do Centro Galego cando Valentín fai a súa primeira viaxe– era darlle a máxima relevancia ás Xornadas Patrióticas de 1957 por se cumprir o cincuenta aniversario da fundación do centro. Con tal fin, convidan a Osorio-Tafall e a un Paz-Andrade que, desde a viaxe a Chile e da man da FAO, tamén percorrerá e traballará en Colombia, México e Venezuela, polo que eran, sen dúbida, dúas das figuras máis relevantes de Galicia na escena internacional.

Emprende Valentín, xunto coa súa muller e o seu fillo Alfonso, viaxe desde Vigo o día 20 de xullo, apenas unhas horas despois de ter cumprido unha condena dun mes de reclusión no cárcere da rúa do Príncipe en Vigo, por negarse a identificar, como director da revista *Industrias Pesqueiras*, ao autor dunha nota de sociedade na que se informaba que cesara un comandante da Mariña de quen se dicía «ha desenvolvido una labor impulsiva, en ocasiones acertada, pero que ha provocado frecuentes dificultades».

Axiña comeza unha intensa actividade que tivera tempo de preparar nese mes de enclaustramento forzado. O día 24 de xullo deu inicio un novo curso de catro charlas na Facultade de Ciencias Económicas, esta vez centradas nun tema monográfico, os recursos do mar, e cuxas temáticas foron: a

evolución do home na conquista do mar, as primeiras materias de orixe mariña, a importancia da riqueza ictiolóxica e, por último, perspectivas do desenvolvemento pesqueiro en Suramérica.

O día 25 de xullo participou en todas as homenaxes propias da data. No Funeral Cívico celebrado no Panteón do Centro Galego na Chacarita pola mañá pronuncia as palabras centrais de lembranza dos socios desaparecidos; pola tarde, fai o discurso de homenaxe a Rosalía diante da súa estatua no Centro Galego e, pola noite, participa nunha sesión radial.

Un dos actos centrais da homenaxe ao Centro Galego foi o banquete do cincuentenario, realizado o 4 de agosto. Ao día seguinte escribelle unha carta a Isaac Díaz Pardo na que lle dá conta da marcha da viaxe, fala de que «manteñen o seu arredamento –P., Pr. e A.R.–» (se cadra, Puente, Prada e Alonso Ríos), pero que case todas as noites coincide e charla con «Antonio, Luís, Rafael, Eduardo, Ramón...», que deben ser Baltar, Seoane, Dieste, Blanco-Amor e Valenzuela, xa que o «irmán» Pepe Núñez Búa vivía, como dixemos, en La Plata.

No Centro Galego pronunciou, nos primeiros días de agosto, catro conferencias, dúas sobre aspectos de economía de Galicia («A poboación e a emigración de Galicia», o día

5 de agosto; «A conxuntura de industrialización de Galicia», o día 6) e dúas sobre problemas culturais («Reorientación do desenvolvemento cultural de Galicia», o día 8; «O idioma galego», o día 9). As conferencias, reestruturadas en quince capítulos, integrarán o volume *Galicia como tarefa* editado dous anos máis tarde polas Edicións Galicia do Centro Galego.

A Agrupación Galega de Universitarios, Escritores y Artistas (AGUEA) organizará, nos locais do Centro Galego, o día 19 de agosto, poucos días antes de emprenderen a viaxe de volta os convidados de honra, un interesantísimo coloquio colectivo sobre temas xerais da cultura galega no que intervirán Xosé Núñez Búa, Valentín Paz-Andrade, Rafael Dieste, Ramón de Valenzuela, Antonio Baltar, Alberto Vilanova e Bibiano F. Osorio-Tafall e que se encontra gravado, como practicamente todas as intervencións públicas desta viaxe de 1957, nos fondos do Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega, na coleccións dos materiais recuperados no Centro Galego de Bos Aires.

Eses días, a propia AGUEA solicítalle un orixinal para editar en forma de libro sobre a pesca e froito diso é a publicación na editorial Citania, en 1958, do libro *Sistema económico de la pesca en Galicia*.

Seguramente durante esta estada Valentín contacta con Ramón Mourente, consolidado empresario galego que case unha década despois se converterá en controvertido presidente do Centro Galego, pois convidou ao embaixador español a visitar o Centro e, para escándalo de moitos, ao xeneral Lobo Montero, presidente do Centro Galego de Madrid, ás Xornadas de 1967, xunto a Álvaro Cunqueiro. Valentín debeu mover nel o interese no mecenado cultural que tiñan todos presente na súa rendibilidade de consideración na colectividade pola acción de Manuel Puente. A finais de 1957 aparece xa convocado un premio de xornalismo mensual co nome de Ramón Mourente, moi ben dotado –1500 pesetas, que axiña subirán a 2000–, destinado a un artigo sobre economía ou cultura publicado en Galicia. O encargado da organización en Galicia é Valentín Paz-Andrade, quen contará coa colaboración de Juan Ribas Barreras e Juan Naya, secretario da RAG e que, andando o tempo, será representante do Centro Galego en Galicia, desde 1968 co propio Mourente de presidente, e logo do enfrontamento deste con Francisco Fernández del Riego. O caso é que este premio –e outros monográficos co mesmo patrocinio– beneficiou unha grande cantidade de colaboradores de prensa e motivou, de seu, unha promoción dos asuntos galegos na

prensa, pero foi ignorado polo grupo galeguista galaxiano, algo do que Valentín se queixou en varias ocasións na súa correspondencia. Entre o ano 1958 e 1961, por exemplo, foron galardoados, entre outros moitos, Luís Moure Mariño, Isidro Parga Pondal, Luís Peña Novo, Eduardo Blanco-Amor, Xesús Alonso Montero, Baldomero Cores, Jorge Víctor Sueiro, José Ramón Fernández-Oxea, Xosé María Álvarez Blázquez, Anselmo López Morais, Francisco Ogando, Fermín Bouza Brey, Alfredo Cid Rumbao, Francisco Ríobarro ou Avelino Pousa Antelo.

A VIAXE DE 1966

A cuarta vez que visita Arxentina, en 1966, volve ser convidado de honra para as Xornadas Patrióticas que teñen lugar entre finais de xullo e agosto. Nesta ocasión xúntanse dúas celebracións culturais, ás que o convidado responde. Por unha banda, a dedicatoria do Día das Letras Galegas a Francisco Añón fará que Valentín pronuncie, o día 20 de xullo no teatro Castela do Centro Galego, unha conferencia titulada «Luces na sombra de Añón», dirixida á colectividade e na que se centrará máis na cuestión da súa participación na

revolución de 1846 que na vertente literaria. Por outra, era o ano centenario do nacemento de Valle Inclán e á súa memoria dedica dúas xornadas, que se desenvolverán baixo a rúbrica común de «La anunciación de Valle Inclán». Primeiro, o 22 de xullo, nun acto organizado en colaboración coa Sociedad Argentina de Escritores (SADE) no local do Instituto Popular de Conferencias do xornal *La Prensa*, onde é presentado por Artur Capdevila. Aos poucos días, o 27 de xullo, no Paraninfo da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Bos Aires, presentado polo crítico exiliado Guillermo Torre, e onde escoita a súa disertación o libreiro galego e propietario da editorial do seu apelido, Gonzalo Losada, quen lle ofrece publicar as dúas conferencias integradas nun libro, que acabará sendo *La Anunciación de Valle Inclán* (1967).

Entre estas datas participará nas tradicionais ofrendas perante a estatua de Rosalía no Centro Galego, o día 23, e no Panteón Social da Chacarita, a mañá do día 25, cun emotivo discurso ao redor de Castelao.

O propio 25 de xullo, pola tarde, no salón de actos da Bolsa de Comercio disertará sobre «La evolución técnica mundial de la economía pesquera», charla que terá as súas secuelas noutros convites comprensibles.

Como outras veces, nos locais do Centro Galego tamén pronunciará conferencias de corte socioeconómico. Así, o 28 de xullo, outra volta no teatro Castelaio, falará sobre «A economía galega actual», que estará na base do libro xa publicado en España, *La marginación de Galicia* (1970). O día 27 tería lugar un banquete homenaxe no restaurante do Centro Lucense –fronte á *Malla*, o magnífico mural de Seoane– e o día 30 outro, no local do Centro Pontevedrés.

A actividade oficial da viaxe, porén, clausúrase a noitiña do día 29 coas súas palabras de despedida da colectividade no acto central do teatro Colón, cunha velada en que se interpretarán obras de Andrés Gaos, con representacións de ballet, etc.

Logo dunhas curtas estancias en Rosario e Montevideo con actos nas colectividades de ambos os lugares, rematará a súa estadía en Bos Aires cunha charla e unha cea nun lugar non habitual, a Casa de Galicia, que, presidida por Maximino Rey, representaba o máis próximo ao oficialismo da embaixada dentro da colonia galega, pero á que xa un par de anos antes se achegaran os seus amigos Blanco-Amor ou Manuel Núñez Búa, que mesmo publicaban na súa revista, *Airiños*, xunto con outras plumas prestixiosas do país como Otero Pedrayo.

A viaxe de volta faraa sen présa, por Chile, Perú, Colombia, Venezuela, sempre contactando cos amigos doutras viaxes en actividades da FAO anteriores (Chile, 1952; Colombia e Venezuela, 1955) ou galegos exiliados e emigrantes.

A VIAXE DE 1967

A quinta vez que visita Arxentina, contra a fin do ano 1967, será fundamentalmente de prospección de posibilidades de expansión económica para a pesca galega. Acompañará a José Fernández, presidente de Pescanova, en calidade de vicepresidente da compañía e bo coñecedor do país. Aínda así, terá tempo para outras actividades. O día 14 de decembro, presentará o seu libro *La Anunciación de Valle Inclán*, na librería Galatea, rodeado dos amigos porteños máis próximos, desde Virxinia Pereira, viúva de Castelao, ata María de Villamarino –a tradutora ao castelán do *Pranto matricial*–, José Villamarín Prieto, Laxeiro, Seoane e Maruxa ou o incondicional Pepe Núñez Búa, que incluso acompaña a José Fernández e Valentín na súa viaxe ao sur en rápida prospección de portos e pesqueiras. Pero tamén naquelas terras contacta con vellos amigos, como Alberto Vilanova, en Bahía Blanca.

CASTELAO E VALENTÍN

Cando Castelao vai vivir a Pontevedra forma faladoiro, entre outros, con Juan Bautista Andrade, poeta e tío de Valentín, e a través do que se chegan a coñecer. A amizade entrámbos vaise consolidar cando Castelao apadríñe un dinámico Paz-Andrade –xa tiña responsabilidades na redacción do semanario pontevedrés *La Provincia*, cando aínda lle faltaban dous anos para acabar os estudos de Dereito– para falar en nome dos estudantes, xunto con Euxenio Montes, nun mitin de remate da II Asemblea Nacionalista, en 1919, en Compostela. Desde esta data sabemos dunha tripla e intensa relación política, profesional e de amizade, que se prolonga, nunha primeira fase, ata a Guerra Civil. A relación política exemplificámola na participación como brillante orador en diversos actos. Por exemplo, no do 25 de xullo de 1930, época do lanzamento do ideal galeguista, no que compartirá tribuna con Otero Pedrayo e Castelao no teatro García Barbón, no posterior Banquete da Barxa, na formación do Partido Galeguista en decembro de 1931, nas ducias de mitins das campañas electorais da República. A relación profesional, por exemplo, no traballo diario de Castelao no xornal *Galicia* baixo a dirección de Valentín. A relación persoal, por

exemplo, nesa proximidade que permitía a Castelao alcumalo humoristicamente primeiro de «O Mozo», logo de «Berbiquí», pola súa teimosía en conseguir cousas, e «O Inmortal», por ter sobrevivido ao atentado de Vigo, ou o que será máis íntimo, polo acompañamento constante ao médico a Vigo no tratamento contra a cegueira do rianxeiro en 1922, ou polos consellos que lle dá este para organizar a súa viaxe de 1929 a Bretaña, poucos meses despois de vir Castelao daquelas terras.

En calquera caso, tamén é posible rastrexar puntos de desacordo no que afecta á participación política, avanzada a II República. Non esquezamos que Valentín é xa un afamado profesional da avogacía, da asesoría da industria pesqueira, que mantén opinións moi propias, como fixo ao longo de toda a súa vida. Seguramente a presenza de Valentín na candidatura do Partido del Centro Democrático de Manuel Portela Valladares en 1936 –enfrentándose así á candidatura da Frente Popular que encabezaba Castelao en Pontevedra e na que non había oco posible para ningún outro galeguista– supuxo un certo distanciamento, aínda mediando, posiblemente, o plácet de Castelao para unha operación que podería ter situado ao seu amigo Valentín tamén nas Cortes, malia que, finalmente, non o logrou. O certo é que cando se tra-

tou o asunto na V Asemblea Nacionalista en Santiago, á que non asistira Paz-Andrade, Castelao, emocionado, «rompeu a chorar sen atinar coas palabras axeitadas para explicar o caso», segundo refire Valentín nas súas memorias.

En calquera caso, ante tamaña traxedia como foi a Guerra Civil, esas miudezas, de existiren, desaparecerían, como vemos na ilusión desbordada que manifesta Castelao a finais do corenta e sete ou comezos do corenta e oito, canto le nunha carta de Valentín a súa idea de ir a Bos Aires trinta ou corenta días: «[...] dende que o soupen estou esperando por ti coma quen espera ver un segundo miragre, pois miragre me pareceu o ver eiquí a Ramón [...] De todos xeitos máis doado me parece que nos vexamos eiquí a que nos vexamos ahí, porque eu perdín os remos...». Incluso que non citase a Paz-Andrade no *Sempre en Galicia* máis parece cousa de prudencia co amigo do interior que distancia. E esa relación hase prolongar con Virxinia Pereira de Castelao, a quen ve, sempre, nas súas primeiras estadías argentinas, e despois nos seus retornos a España. Significativamente e convidada por Valentín, Virxinia estará presente na viaxe inaugural pola ría de Vigo do segundo pesqueiro de Pescanova, o *Soutomaíor*, en 1962. E Valentín, como avogado e amigo, tamén mediará para a obtención da pensión de viuvez, por ter sido Cas-

telo funcionario de Facenda, e incluso terá un papel non menor na suavización de tensións entre Virxinia, o Museo de Pontevedra e as irmás de Castelao, para a xestión da herdanza proveniente da incautación na guerra, principalmente da que estaba depositada no Museo de Pontevedra.

O *PRANTO MATRICIAL*

Valentín Paz-Andrade é fundamentalmente un ensaísta sobre temas económico-pesqueiros desde unha data tan temperá como 1928 e vencellado á FAO desde inicios dos cincuenta, pero tamén é un ensaísta literario centrado nas figuras de Valle Inclán (1967) e Guimarães Rosa (1978), e, sobre todo, nesta dirección, autor da biografía canónica de Castelao con *Castelao na luz e na sombra* (1982). Porén, a poesía tamén lle é algo propio.

Ten referido que o seu contacto coa paisaxe viva e agreste da serra de Queixa, do lugar de Requeixo de Queixa, nun segundo desterro logo do primeiro en Verín, abriulle unha intensidade de relación coa natureza que o impulsou a escribir os seus primeiros poemas, e que o sitúan, en opinión dos especialistas, como un dos integrantes da xeración do 25.

Aqueles, xunto con outra colectánea de poemas civís ou de homenaxes a amigos poetas como Iglesia Alvariño ou Ramón Cabanillas, integrarán *Sementeira do vento* (1968), que sería continuado polo poemario *Cen chaves de sombra* (1979) e polo monográfico *Cartafol de homenaxe a Ramón Otero Pedrayo* (1986).

Pero o libro fundacional da súa actividade poética será *Pranto matricial* (1955), dedicado á memoria de Castelao. Sabedores da amizade que os uniu, da súa actividade como propagandista desde o momento da súa morte con aqueles artigos de *La Noche* e do *Galicia*, non é de estrañar que active a vea poética para esta sentida homenaxe fúnebre.

Publícase o *Pranto matricial* en Bos Aires, con data do sete de xaneiro de 1955 na editorial do Centro Galego, coincidindo co quinto aniversario da morte de Castelao. Trátase dun pequeno opúsculo de 35 páxinas no que se inclúen seis poemas, xunto coa versión castelá, da autoría da prestixiosa escritora argentina María de Villarino, amiga e veciña de Núñez Búa en La Plata. O libro leva capa deseñada e ilustrada fermosamente por Luís Seoane –unha bicromía dunha nai adoecida e encollida– e ilustracións interiores de Carlos Maside, Manuel Colmeiro, Arturo Souto e Manuel Torres.

A xénese do libro podémola rastrexar no seu epistolario ao longo de 1954. Acabado de chegar a México, Valentín envíalle, o 9 de outubro de 1954, unha carta a Núñez Búa na que inclúe unhas puntualizacións aos borradores da tradución de María de Villarino, feitas en Vigo por Emilio Álvarez Blázquez, por se lle poden ser de utilidade na versión definitiva, e ao tempo dálle noticia de xestións feitas para recadar as ilustracións que complementen os textos. Uns meses despois, o día 2 de maio de 1955, desde Colombia, noutra viaxe da FAO, escíbelle a Luís Seoane, cóntalle que acaba de recibir o primeiro exemplar do libro e agradácelle a súa colaboración coas seguintes palabras:

Moito me comprace a beleza, sobriedade e modernidá da presentación gráfica, na que unha vez máis, a túa experta orientación e participación, ten conquerido un novo e positivo acerto. Estou plenamente satisfeito da edición; agradezo vivamente o teu desvelo, e ben quixera que o contido respondera ao rango do continente.

No primeiro poema, «O que todo galego choraría», apostrofa a Terra en dúas estrofas para que chore o pranto por aquel *que fora vivo mastro en loita núa* e remata cunha con-

clusión en catro versos que, seguramente, é o máis difundido do libro e na que sintetiza a expresión da dor do pobo transmutado en Terra.

*Chora, Terra, teu pranto matricial.
O que todo galego choraría,
se inda chorar pudiera,
até cubrir de bágoas o mare.*

No segundo, «Door da paisaxe», sitúa a ausencia nun espazo humanizado pola dor, no medio da chuva, de igrexas románicas, ventos e piñeirais e cita Rianxo, O Salnés, Sálvora e Marín como referencias da Galicia territorial.

No terceiro, «A Terra e os sinos», en tres estrofas evoca a fusión física na terra –*barro materno ao barro teu xuntado*– e os loureiros levados a Bos Aires desde as terras de Rosalía para ampliar a esperanza á visión de todas as campás de Galicia dobrando na súa memoria.

O cuarto, «Alá lonxe...», ten sabor vangardista, de eco manuelantoniano, a través das citas dos meridianos ultramarinos, dos ronseis, de singraduras á deriva, cun ton exótico percorre as xeografías americanas de emigración –Hudson, Arauca, Cuba, Andes...–, cunha idealización dese continen-

te –*Océano de terras*– como foro aberto do mundo, onde a estrela dos parias tamén luce.

No quinto, «Teu destino», diríxese liricamente a Castelao –*Sementador leixado, peregrín namorado dos roteiros*– para falar do sino de morrer lonxe pero coa esperanza de estar reencendendo os pábilos da i-alma na Galiza migral, e na Galiza que aínda agarda, Daniel, o teu retorno...

Remata o libro co poema «Cando ti volvas...», que se configura como unha especie de ladaíña saudosa que se proxecta sobre a intención da volta futura. Desde o verso catro, repite en todos os pares –oito veces– a expresión *Cando ti volvas pol-o mare*, para significar o recibimento glorioso, asociado sempre a imaxes luminosas, os fachos acesos nas illas, as fogueiras no cume dos montes, as candeas nos piñeiros, a ardora nos mastros, o farol mariñeiro, as «veliñas» nas casas... para rematar coa personalización da dor no pranto das persoas: ... *e as pérolas das bágoas derramadas, cando ti chegues pol-o mare, cando ti chegues pol-o mare*.

Desta obra fíxose unha nova edición en 1974, da man de Ediciós do Castro –a súa editorial de referencia en Galicia–, cun limiar de Rafael Dieste e novas traducións sumadas á do castelán. Incluírse as outras tres linguas da península, a versión en catalán será do poeta e sociolingüista barcelonés

Françesc Vallverdú, a do eúscaro do poeta Gabriel Aresti e a de portugués do seu amigo o escritor brasileiro, xa falecido daquela, Guilherme de Almeida.

A versión vasca foi editada de seu en 1986 baixo o título de *Uma-oncitic negarra*.

Foi reeditado dúas veces, en edicións populares asociadas a xornais. En 1992, formou parte da colección de *El Correo Gallego*, número 89 da Biblioteca 114 baixo o título de *Pranto matricial e outros poemas* ao incluír composicións de *Cen chaves na sombra* (1979) e outros poemas soltos. Posteriormente, en 2002, acompañaría a *Fardel de eisilado* de Luís Seoane no volume 29 da Biblioteca Galega 120 de *La Voz de Galicia*.

A gravación que hoxe presentamos foi realizada polo propio autor durante a estada de xullo e agosto de 1957 nos estudos San Martín como complemento á súa participación no programa *La hora iberoamericana*, que tiña na emisora Radio del Pueblo de Bos Aires Manuel Núñez Búa, irmán de Xosé.

O soporte orixinal é un disco de metal recuberto de acetato, propio dos estudos de gravación daquel momento, antes da difusión dos sistemas de gravación en cintas magnéticas de carrete aberto.

PRANTO MATRICIAL

Valentín Paz-Andrade


Ediciones Galicia, Bos Aires, 1955

V. PAZ - ANDRADE


PRANTO MATRICIAL



EDICIONES GALICIA



PRANTO MATRICIAL



CASTELAO, dibujo de *Carlos Maside*

V. PAZ - ANDRADE

PRANTO
MATRICIAL

VERSIÓN CASTELÁN DE
MARÍA DE VILLARINO

DIBUXOS DE COLMEIRO, MASIDE, SOUTO E TORRES



Ediciones

GALICIA

DEL

CENTRO GALLEGO DE BUENOS AIRES

Queda hecho el depósito que marca la ley.


COPYRIGHT BY EDICIONES GALICIA

IMPRESO EN LA ARGENTINA

In memoriam

ALFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO

Finou en Buenos Aires o 7 de xaneiro do 1950



1. O QUE TODO GALEGO CHORARÍA

CHORA, TERRA, TEU PRANTO

das augas, e dos eidos, e dos ares,
as vivas páreas cósmicas de raza,
en mantelo de brétemas envoltas,
que noso fin ao noso orixe ligan.
Deita nas áurias leiras do hourizonte
labradas de solpores e de abrentes,
en adoas de luz a debullarse,
as sementes feridas de túa door.
Arpa de nobres cordas esquecidas,
ceiba teu son no curazón retido,
e fai acordes en total latexo
almas, paxaros, rios e paisaxes.

Chora, Terra, teu pranto xeneroso.
O que todo galego choraría,
en roda de multánime silenzo
e ollares abatidos,
sober do longo corpo derrubado
que fora vivo mastro en loita núa;
perto d-aqueles beizos, seca fonte
da verba nunca d-antes máis belida;
do peito petrucial, refrorecido
de mapoulas pampeiras,
que envexan a nacencia das chorimas;

xunto das postas maos voltas ao xelo,
onde a oito agromaron do seu arte,
no cerne da galega patronía,
vizosas primaveiras.

Chora, Terra, teu pranto matricial.
O que todo galego choraría,
se inda chorar pudiera,
até cubrir de bágoas o mare.

2. DOOR DA PAISAXE

DAS AUGAS DELORIDAS, DOCE PRANTO

que escorra pol-a faz das alboradas,
deic-â raís das herbas,
distilado na pinga dos orballos,
e dea seu latexo a noite e día
nas rezadoras choivas que soerguen
o canto-chao das tellas,
i-o responso románico das gárgulas
sober das pedras mortas de Sant Yago.

O cristaiño pranto manadeiro
pol-os ollos das pontes,
onde o pulso dos rios esmorece,
e se acugula co solpor calado,
na verdecida soedá dos vales,
toda a door da ribeira sen cantigas,
dos cruceiros e as ánimas sen luz,
dos camiños sen lida labradora,
dos fogares sen sangue gomariza.

Pranto baril dos ventos galgadores
alimentados co-a sal da Ría,
que xa non baten velas de Rianxo,
e te chaman, Daniel, con voz ferida,
—nas agullas dos lentos piñeirales,


verdes coros arpados de Salnés—
ou con voz dos abismos, roncadeira,
na crátera fadal dos oleaxes,
pé das rochas de Sálvora.

O salaio de ferro das motoras,
co-a agunía da néboa e dos naufraxios,
chámante pol-as bocas de Marín;
e o nacarado choro das buguinas,
uivando nos salgados areales,
sobr-as laxes rachadas dos cantiles,
n-os cabos onde escachan as tormentas...
co folgo máis sostido e sonoro
que brotara de peitos mariñeiros.

E aló, nos curutos desnevados
das serras extremeiras,
ou pol-as corredoiras dos lugares
esquecidos no ermo,
a corna inxel que tallan os pastores,
buguinada da urcè,
ceiba tamén no azul fanal aberto
a coita da montaña taciturna,
ferida pol-o mesmo desconsolo.



M. Calmeiro



3. A TERRA E OS SINOS

FOI A TERRA LEVADA,
barro materno ao barro teu xuntado,
cos líricos loureiros,
no camposanto de Padrón unxidos
pol-o amor e a door de Rosalía. . .
sagra primeira estrofa d-este pranto.

Pra compoñer as outras,
tanguidos a unha mao de Sul a Norde,
os sinos todos das eirexas todas,
que por todos redobran,
e tamén se ouvirán pol-os escuros,
non recolleran no coral de bronce
a dimensón da nosa desventura.

Por ti, Daniel, a máis dos campanarios,
siñaleiros da morte empadroada,
han de dobrar, da vida, acentos novos;
han de dobrar as cordas dos espritos;
das cousas, seus metaes;
das causas,
nas que os homes deixamos en anacos
os anacos da i-alma.

4. ALÁ LONXE . . .

QUE SE ESCOITEN AGORA

seus líquidos acentos alá lonxe,
vibradoiros na libre
rede dos meridiáns ultramariños.
E mergullen, Daniel, no mesmo pranto
os ronseles posteiros
das túas singraduras â deriva
abraiante de Marte;
dend-o trópico a fogo pintigado
ao balbordo de Hudson, e ás peladas
serras de Araucania.

En Cuba se derramen, e no Mare
de Cortés, e no ardente
mato dos bandeirantes paulistamos,
e nas punas do inca,
e nas pampas do gaucho cabalgadas,
con Don Segundo Sombra pol-os médanos

Oceano de terras
escontra o dique sísmico dos Andes,
mexido pol-o zonda sequioso
e por quillas sin léme navegado;
natureza auroral que s-espreguiza
co inxerto de vidas esgazadas;

foro aberto do mundo,
onde a estrela dos parias tamén luce;
mapa de libramento presentido,
onde o sangue romeiro dos galegos
a ventureira vocazón renova.

5. TEU DESTIÑO

SEMENTADOR LEIXADO,

peregrín namorado dos roteiros
car-o destiño da Galiza abertos;
frol das vidas chagadas na acedume
incerta do desterro:

o de morrer alá teu sino era.

Alá, sen escoitar as alexías
do violino dos cegos,

e a zanfona de pedra dos Profetas,
que tan soilo por ti soar pudiera.

O de morrer sentindo na agunía,
a quentura arterial dos emigrados,
lonxe de morno ollar das Doorosas
talladas ao respaldo dos cruceiros.


O de ancorar a nao, desorborada,
nos peiraos de alén-mar,
abrindo regos novos â saudade;
reencendendo os pábilos da i-alma
na Galiza migral, e na Galiza
que aínda agarda, Daniel, o teu retorno . . .

6. CANDO TI VOLVAS...


NA MATRICIAL GALIZA, SEMPRE TÚA,

que dend-a Torre d'Hércules ao Miño
un facho acenderá por cada illa,
cando ti volvas pol-o mare;
de toxo unha fogueira en cada monte,
cando ti volvas pol-o mare;
dos castros na coróa unha cachela,
cando ti volvas pol-o mare;
unha loura candeia en cada pino,
cando ti volvas pol-o mare;
o seu cirio de frouma os alciprestes,
cando ti volvas pol-o mare;
luces de ardora branca en cada mastro,
cando ti volvas pol-o mare;
un farol mariñeiro en cada dorna,
cando ti volvas pol-o mare;
veliñas â xanela en cada casa,
cando ti volvas pol-o mare;
e as pérolas das bágoas derramadas,
cando ti chegues pol-o mare,
cando ti chegues pol-o mare...


Galiza, 1954



VERSIÓN CASTELLANA DEL
PRANTO MATRICIAL
Por MARÍA DE VILLARINO







LO QUE TODO GALLEGO LLORARÍA

LLORA, TIERRA, TU LLANTO

de vegas, agua y aires,
envueltas en su manto de neblinas
las cósmicas placentas de la raza
que nuestro fin a nuestro origen ligan.
Derrama en áureos predios de horizonte
labrados de crepúsculos y auroras,
las heridas simientes de tu duelo
en luminosas cuentas desgranándose.
Arpa de nobles cuerdas olvidadas,
en el opreso corazón libera
tus sones y haz acordes
en un solo y unánime latido
almas, pájaros, ríos y paisajes.

Llora, Tierra, tu llanto generoso.
El que todo gallego lloraría,
en rueda de multánime silencio
y miradas dolientes
cayendo sobre el cuerpo ya abatido
que fuera en lid desnuda
vivo mástil;
cerca de aquellos labios, seca fuente
de la voz antes nunca más hermosa;
del pecho prócer y reflorado

de amapolas pampeanas,
que el florecer de los tojales celan;
de las inertes manos vueltas hielo
donde siempre de su arte germinaron,
en savias de gallego patrimonio,
fecundas primaveras.

Llora, Tierra,
tu llanto matricial.
El que todo gallego lloraría,
si aún llorar pudiera,
hasta cubrir de lágrimas el mar.

DOLOR DEL PAISAJE

DE LAS AGUAS DOLIENTES, DULCE LLANTO

haga camino por la faz del alba,
destilado en las gotas del orballo
hasta la tierna hierba en sus raíces;
y libre, día y noche su latido
en rezadoras lluvias que musitan
el canto gregoriano de las tejas
y el responso románico de gárgolas
sobre las piedras muertas de Santiago

Del incesante llanto cristalino,
que mana por el ojo de los puentes
donde su pulso el río desvanece,
y en verdecida soledad de valles
se acumula en el véspero callado.
Dolor de la ribera sin cantigas,
de los cruceros y ánimas sin luz,
de caminos sin lides labradores
y de hogares sin sangre que germina.


Llanto viril de vientos incansables
nutridos por las sales de la Ría,
que ya no baten velas de Rianxo
y te llaman, Daniel, con voz herida,
—en las agujas de los pinos lentos,

verdes coros arpados del Salnés—
o con la ronca voz de los abismos
en el cráter fatal de los oleajes
de las rocas de Sálvora.

Un trágico lamento de motoras,
con nieblas de agonías y naufragios,
te llaman por las bocas de Marín
en llanto nacarado de bocinas
clamando por los agrios arenales,
y sobre hendidas lajas de cantiles,
en cabos donde rompen las tormentas,
con sostenido y más sonoro hálito
que brotara de pechos marineros.

Y allá en las desnevasdas
cimas de las extremas serranías,
o por esos caminos de los pueblos
en el yermo olvidados,
la cuerna impar que tallan los pastores
—bocina de los hondos matorrales—
en abierto fanal azul derrama
la cuita de la cumbre taciturna
herida por el mismo desconsuelo.





LA TIERRA Y LAS CAMPANAS

FUÉ LA TIERRA LLEVADA,
—barro materno unido al barro tuyo—
con líricos laureles
del camposanto de Padrón, ungidos
por el dolor y amor de Rosalía,
sacra inicial estrofa de este llanto.

Para cantar las otras,
tañidas de una vez de Sur a Norte
las campanas de todas las iglesias
que por todos redoblan,
y aún por los oscuros,
no alcanzarán en su coral de bronce
la dimensión de nuestra desventura.

Daniel, por ti, además de las campanas
que señalan la muerte empadronada,
han de doblar, de vida, acentos nuevos,
han de doblar las cuerdas del espíritu
y el metal de las cosas,
de las cosas, bien cierto, en que los hombres
en pedazos dejamos
los pedazos del alma.

ALLÁ LEJOS . . .

QUE SE ESCUCHEN AHORA

sus líquidos acentos allá lejos,
vibrantes en la libre
red de los meridianos de ultramar.
Y sumerjan, Daniel, en igual llanto,
las últimas estelas
de aquellas singladuras
de Marte a la deriva hostilizante,
desde el tatuaje a fuego de los trópicos
al estruendo del Hudson
y a las desnudas sierras de Araucania.

En Cuba se derrame
y en el mar de Cortés y en el ardiente
mato del bandeirante paulistano,
y en las pampas del gaucho cabalgadas,
con don Segundo Sombra por los médanos.

Océano de tierra
contra el sísmico dique de los Andes,
por el caliente zonda estremecido
y por quillas sin rumbo navegado.
Naturaleza que auroral despierta
con injertos de vidas desgajadas.

Foro abierto del mundo,
donde luce también
la estrella de los parias.
Mapa de libramiento presentido,
donde romera sangre de gallegos
su vocación renueva trashumante.

TU DESTINO


SEMBRADOR OLVIDADO,

amante peregrino de las rutas
hacia el destino de Galicia abiertas;
flor de vidas llagadas
en la agria incertidumbre del destierro:
el de morir allá tu sino era.
Allá, sin escuchar las elegías
del violín de los ciegos
ni la pétrea zanfona del Profeta
que tan sólo por ti sonar pudiera.
El de morir siendo en la agonía
el calor arterial del emigrado,
lejos de la dulzura
que dan de su mirar las Dolorosas
talladas al envés de los cruceros.
El de la nao anclar, desarbolada,
en muelles de ultramar,
abriendo nuevo surco a la saudade,
del alma reencendiendo los pabilos
en Galicia emigrante, y en Galicia
que aún aguarda, Daniel, por tu regreso.

CUANDO TÚ VUELVAS . . .

EN LA MADRE GALICIA, SIEMPRE TUYA,

que de la Torre de Hércules al Miño
un faro encenderá por cada isla,
cuando tú vuelvas por el mar;
una hoguera de tojo en cada monte,
cuando tú vuelvas por el mar;
en coronas de castros una antorcha,
cuando tú vuelvas por el mar;
una rubia candela en cada pino,
cuando tú vuelvas por el mar;
o sus cirios de agujas los cipreses,
cuando tú vuelvas por el mar;
luces de blanca lumbre en cada mástil,
cuando tú vuelvas por el mar;
un farol marinero en cada dorna,
cuando tú vuelvas por el mar;
velas a la ventana en cada casa,
cuando tú vuelvas por el mar.
Y las perlas de lágrimas vertidas,
cuando tú llegues por el mar,
cuando tú llegues por el mar . . .




INDICE

<i>Dedicatoria</i>	7
1. O que todo galego choraría.....	9
2. Door da paisaxe.....	11
3. A terra e os sinos.....	15
4. Alá lonxe.....	16
5. Teu destiño	18
6. Cando ti volvas.....	19


*Versión castellana del Pranto Matricial
por María de Villarino*

Lo que todo gallego lloraría.....	25
Dolor del paisaje	27
La tierra y las campanas.....	31
Allá lejos	32
Tu destino	34
Cuando tú vuelvas.....	35






PRANTO MATRICIAL,
Ediciones Galicia, estuvo al
cuidado de L. S. y se terminó
de imprimir el 7 de enero de
1955, en la Imprenta López,
Perú 666, Buenos Aires.





Índice

- 
- 7 PRANTO POLO AMIGO DANIEL
Ramón Villares
- 19 PAZ-ANDRADE, OS GALEGUISTAS, BOS AIRES E
PRANTO MATRICIAL
Afonso Vázquez-Monxardín
- 57 *PRANTO MATRICIAL*. FACSIMILE

LP de *Pranto matricial* gravado por
Valentín Paz-Andrade nos Estudios
San Martín, Bos Aires, 1957



Estudios

SAN MARTIN

1.ª y 2.ª Ed.

REGISTRO DE SONIDO

REGISTRO DE SONIDO

REGISTRO DE SONIDO

REGISTRO DE SONIDO

78 T.P.M.

V. FAZ-ANDER

PRANTO MATRICAL

1.ª PARTE

